

**Asunto: CONVOCATORIA DA PRODUCIÓN DE INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA ANO 2023**

Con esta comunicación iniciase o proceso para a avaliación da producción de investigación e da producción de transferencia do ano 2023. Os criterios, o procedemento e a documentación que hai que presentar (anexos I, II e III) estarán dispoñibles na páxina web da Universidade de Vigo.

As actividades a realizar polas Unidades de apoio á investigación e transferencia dos diversos ámbitos, en coordinación cos departamentos que correspondan, serán as seguintes:

1. Xestionar a introdución dos datos dos méritos a avaliar na aplicación informática SUXI-XC.  
Os **méritos** poderán ser **introducidos** na aplicación desde a data de publicación da convocatoria **ata ó 02/10/2024**.
2. Recoller a documentación acreditativa daqueles méritos que non se puideran cargar na aplicación e, unha vez verificada, validar os méritos introducidos na aplicación.
3. Remitir por correo electrónico á dirección [auvicinv@uvigo.gal](mailto:auvicinv@uvigo.gal) o listado definitivo de méritos validados, coa sinatura do secretario/a ou director/a de departamento que corresponda en cada caso, contando co visto bo do Consello de Departamento, podendo establecerse mecanismos internos de delegación coa aprobación do Consello se procede. A remisión deste listado dentro do prazo establecido para elo é obligatoria. Os datos remitidos deben corresponder aos introducidos na aplicación informática.  
A data **límite** para a remisión dos listados de méritos validados polos departamentos ao correo electrónico [auvicinv@uvigo.gal](mailto:auvicinv@uvigo.gal) é o **31/10/2024**.

Adicionalmente, tamén por correo electrónico á dirección [auvicinv@uvigo.gal](mailto:auvicinv@uvigo.gal) e dentro do mesmo prazo, enviaranse os formularios e a documentación adicional que se deseñe aportar para apoiar á Comisión de Investigación na categorización de editoriais (anexo IV). O envío desta información é opcional; a Comisión utilizará por defecto a información pública dispoñible sobre as editoriais para a súa categorización.

A documentación xustificativa daqueles méritos que non se puideran cargar na aplicación quedarán en depósito nos departamentos e/ou nas Unidades de apoio á investigación e transferencia. Lembrese que a Vicerreitoría de Investigación levará a cabo unha comprobación por mostraxe dos datos rexistrados con posterioridade á avaliación provisional.

Para o desenvolvemento do proceso utilizarase a aplicación informática SUXI-XC (Sistema Unificado de Xestión de Investigación-Xestión Curricular).

Vigo, 03 de setembro de 2024

A vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación

María Belén Rubio Armesto